

Rafa VILLAR (1968)

Voo de Gaivota

esa gaivota que pasa entre os farallóns
cruzando a tarde amarela
leva no voo a historia
dun vello barco tatuado no mar de Irlanda

unha historia de homes afogados
no fondo da brétema e das ondas

homes que vomitaban pan de vida
cada marea
mergullados en lúas solitarias

quizais haxa tantas historias
como esta
que ir cosendo ás redes dos días
como gaivotas anubrando solpores
nesta estrema da terra máis azul

Selección y Traducción: Xurxo REGUEIRA VEIGA

[**Vuelo de Gaviota:** *esa gaviota que pasa entre los farallones/ cruzando la tarde amarillenta/ lleva en su vuelo la historia/ de un viejo barco tatuado en el mar de Irlanda/ historia de hombres ahogados/ en honduras de bruma y olas/ hombres que vomitaban el pan de la vida/ cada marea/ sumergidos en lunas solitarias/ quizá haya tantas historias/ como esta/ para ir cosiendo a las redes de los días/ como gaviotas nublando los ocasos/ en este final de la tierra azulísimo*]